

UNHA EXPERIENCIA DE SEGURIDADE ALIMENTARIA PARA TRABALLAR A ARGUMENTACIÓN

CASAS QUIROGA, LUCÍA
CRUJEIRAS PÉREZ, BEATRIZ
Departamento de Didácticas Aplicada
Area de Didáctica das Ciencias Experimentais
Facultade de Ciencias da Educación, USC

Nesta comunicación preséntase unha secuencia de actividades para traballar a seguridade alimentaria a través da argumentación, dirixida a alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato que cursa as materias de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional e Cultura Científica.

O principal obxectivo que se persegue é que o alumnado sexa quen de valorar de maneira xustificada a importancia da seguridade alimentaria no contexto no que viven, e tamén a necesidade de ter ferramentas ben estudadas como os protocolos de seguridade para facer fronte a posibles emerxencias. En particular, faise referencia ás propostas da Organización Mundial da Saúde (OMS) para a intervención en situacións de emerxencias alimentarias (FAO/OMS, 2011). A seguridade alimentaria non está incluída nun bloque específico do currículo de educación secundaria e bacharelato, pero constitúe un tema de gran relevancia, xa que se considera que a mellora nas competencias de seguridade alimentaria dos cidadáns repercute na diminución da frecuencia de intoxicacións alimentarias.

A secuencia consta de catro actividades a realizar en dúas sesións de 50 minutos, nas cales o alumnado traballa distribuído en pequenos grupos.

A **actividade 1** consiste na lectura dunha noticia de prensa real acontecida nun colexio de Guadalaxara, na que moitos estudantes usuarios do comedor escolar presentan síntomas como vómitos e diarrea. No centro escolar non están seguros de se se trata dunha intoxicación alimentaria ou dun virus. O obxectivo da actividade é que o alumnado elabore unha xustificación sobre a orixe dos síntomas incorporando os datos/probas que proporciona a noticia, e especificando cales deles serían necesarios para decantarse por unha das opcións.

A **actividade 2** tamén está relacionada cunha noticia de prensa que achega un contexto familiar para os estudantes. Neste caso, os estudantes deben responder a cuestións relacionadas coas medidas de seguridade tomadas polo centro educativo e a súa adecuación á emerxencia vivida. A última cuestión desta actividade utilízase para introducir o protocolo da OMS, que utilizaremos na seguinte sesión. En dita cuestión presentamos aos estudantes os requisitos que ten que ter unha emerxencia alimentaria para dar o aviso á OMS, e terán que decidir se coa emerxencia vivida no colexio de Guadalaxara sería necesario dar o aviso.

Na **actividade 3**, faise entrega a cada pequeno grupo de estudantes dun conxunto de etiquetas que se corresponden cos pasos do protocolo da OMS para brotes infecciosos e tamén dunha folla cunha breve descrición de cada un dos pasos. O obxectivo da actividade é que cada pequeno

grupo sexa capaz de chegar a un consenso para ordenar os pasos de forma lóxica, de maneira que o protocolo sexa máis eficiente á hora de resolver unha emerxencia alimentaria.

Por último, na **actividade 4**, preséntase ao alumnado un caso real no que o protocolo da OMS non se aplicou de forma correcta (o brote do síndrome urémico-hemolítico de Alemaña en 2011). Despois de proporcionar aos estudantes unha cronoloxía dos acontecementos, eles deben reflexionar e argumentar cales son os pasos que se realizaron de forma errónea, baseándose na información que se lles proporciona, e propoñer cal sería a maneira axeitada de realizalos para evitar as consecuencias descritas na cronoloxía. Tamén deben diferenciar a proba máis relevante que permitiu descubrir a verdadeira orixe do brote.

Para a introdución dun tema relevante na aula, como é a seguridade alimentaria, escolleuse un contexto próximo aos estudantes coa fin de conectar a seguridade alimentaria coas súas implicacións no mundo real, e así incidir na implicación dos estudantes nas actividades.

REFERENCIAS

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 120, 25561-25569.
- Organización de las Naciones Unidas para la Agricultura y la Alimentación/Organización Mundial de la Salud (FAO/OMS). (2011). *Guía FAO/OMS para la aplicación de principios y procedimientos de análisis de riesgos en situaciones de emergencia relativas a la inocuidad de los alimentos*. Roma: FAO/OMS.